



CPI DE SAN SADURNIÑO
Avda. Marqués de Figueroa, 19. 15560 SAN SADURNIÑO. A CORUÑA.
Tfno. 881 930 489 Fax: 881 930 496
cpi.sansadurnino@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/cpisansadurnino/



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Estimadas familias:

Ante a instrución 9/2017 da Consellería sobre a saída do alumnado, enviamos unha serie de autorizacións para utilizar, segundo a necesidade de cada un. **Débense entregar aos titores antes do día 21 de setembro.**

1 RECOLLIDA PERMANENTE Á SAÍDA

É necesaria para informar ao profesorado das persoas que están autorizadas (ademais dos pais/titores legais) para recoller ao alumno/a. Debe entregarse aos titores. (Lembrar achegar fotocopias de DNI) **OBRIGATORIO PARA TODO O ALUMNADO. ENTREGAR EN SETEMBRO.**

2 RECOLLIDA PUNTUAL Á SAÍDA

Necesaria para recoller ao alumnado puntualmente unha persoa diferente das habituais. Debe entregarse aos titores.

3 MARCHAR SÓ/ SÓ E ENCARGÁNDOSE DE IRMÁNS MENORES DESDE O TRANSPORTE ESCOLAR OU DESDE A ESCOLA (SÓ PARA ALUMNOS DE 5º E 6º DE PRIMARIA e ESO).

Necesaria para marchar do colexio á hora da saída e/ou ao baixar do transporte sen ningún adulto ou só e acompañado de irmáns menores. Entregar aos titores. Tamén aos titores dos irmáns menores.

4 RECOLLIDA/ENTREGA DURANTE O HORARIO LECTIVO

Esta autorización estará a disposición das familias en secretaría. Cando un adulto trae ou recolle a un alumno/a fóra do horario lectivo deberá dirixirse a secretaría e cubrir esta autorización. **Non se pode acceder a outra parte dos edificios. (Este papel é independente da xustificación da falta e débese cubrir antes de abandonar o centro).**

5 XUSTIFICANTE AUSENCIA A CLASE

Necesario cando un alumno falta á clase, acompañando a **xustificación médica** (no caso de **faltas superiores a dous días**).

6 AUTORIZACIÓN CLIL (AULA BILINGÜE 6º DE PRIMARIA)

Para poder continuar con este proxecto innovador e seguir impartindo **plástica en inglés** en 6º de Primaria.

Un saúdo
A Dirección.